

**A**nteriormente esta parroquia era un simple lugar da de Sta. Baía de Camos; e por distar moito da matriz erixiuno en anexo interino da mesma o Señor Bispo Dn. Domingo fernández Angulo no ano de 1786, e empezaronse a administrar alí Sacramentos en 8 de Setembro do propio ano: moi logo despois efectuou a total desmembración separándoo da matriz no de 1788, se non foi xa no anterior no que se estaba concluíndo o expediente que sobre elo se tiña formado, erixíndoo en parroquia en todo independente de aquela. Porén non se provistou a Abadía por moito tempo, e ata febreiro de 1811 en que tomou posesión do curato o seu primeiro Abade Dn. Francisco Benito Salgueyro para cos froitos decimais que redituou o curato en todo este espazo costear a fábrica da Igrexa parroquial, e casa reitoral, como se costeou o un e o outro. Venera actualmente Chandebrito por Patrón tutelar a San Xosé esposo da Virxe María (075), a quen celebran aquí a súa festa no día do seu patrocinio, que é na terceira dominica despois de Pascua de Resurrección: e antes cando empezou de anexo, e durante algún tempo despois recoñeceu por tal a San Bento Abade e fundador. Habitana 70 veciños que pertencen polo contencioso ao Xuíz da Vila de Baiona, e polo político e gubernativo ao Procurador xeral do Val de Miñor. Valen os seus décimos 13.000 reais, dos que leva o Párroco tres cuartas partes, e a fábrica desta Igrexa a outra cuarta restante: aquel ten casa reitoral e igrexario de 3 ferrados de pan en semente. Este Beneficio é de presentación Real e Ordinaria como o era antes da desmembración a sen cura. Dista de Tui 3 leguas. (ÁVILA Y LA CUEVA, 507-508)





## Igrexa parroquial (074)

O **templo** foi construído nos anos 1784 e 1785 por Xoán Orxe, pola cantidade de 18.950 reais.

O ano seguinte, 1786, foi erixida como parroquia independente de Camos.

Non tivo párroco ata 1811. O primeiro foi Francisco Benito Salgueiro.

Sufriu unha reforma importante no ano 1893, na que se fixo a bóveda actual da nave e a espadana.

É unha soa nave de planta e ábsida rectangulares, ás que se lle adosou no lado sur unha sancristía.

A fachada occidental (076) enmárcase por dúas pilastras rematadas en pináculos, ao igual que a fachada este.

A porta adórnase cunha moldura acobadada nos ángulos. Na doela central do lintel, hai unha flor de lis dobre que serve de arranque para a peaña da base de fornela que acolle a imaxe pétrea do patrón.

No lintel, partida pola **flor de lis**, está a inscrición do remate da obra:

“HIZOSE EN --- 1785”

A **fornela** (077), de arco de medio punto, presenta unha moldura de cinta.

Por riba dela está a ventá cadrada recercada.

Remata nunha cornixa voada que fai de base á espadana de dous corpos. No primeiro, dous ocos en arco de medio punto. E no segundo, entre pináculos, outro arco de medio punto coroado por frontón semicircular que serve de base á cruz de remate.

No lado norte ten catro contrafortes, mentres que no lado sur soamente tres, porque o outro correspondería no muro da sancristía.

A bóveda da nave é de canón en pedra de sillería, con tres arcos faixóns que apoian en pilastras.

O arco triunfal (078), máis baixo, é de medio punto, e a bóveda da ábsida ten unha sinxela cruzaría con clave central, ornamentada cun motivo vexetal, e grosos nervos.

Como adorno interior ten unha cornixa perimetral na nave.

A sancristía tamén ten bóveda de canón.





Na actualidade **non se conserva ningún retablo**, aínda que se coñece a súa existencia polo contrato de pintura do mesmo feito con Benito Antonio Silva Ruibal no ano 1807 e que se conserva no Arquivo Histórico Diocesano. E tamén por algún resto del que se aproveitou para facer a base do actual sagrario, e o Espírito Santo de remate que se atopa no presbiterio.

As imaxes barrocas de **S. Pedro (079)** e **S. Paulo (080)** teñen moi boa factura (aínda que a súa pintura actual non deixa aprecialas debidamente)

#### FESTAS E ROMAXES DE CHANDEBRITO:

- San Xosé: 19 de marzo
- Santo Cristo (081): segundo domingo de xuño

